## 4.2. cobertura e financiamento

A ANÁLISE DA COBERTURA E FINANCIAMENTO das prestacións sociais, baseada nos datos facilitados pola Tesorería General de la Seguridad Social, e os datos recollidos nos Presupostos da Xunta, divídese en dúas partes. A primeira está dedicada ó financiamento e cobertura social do Estado, que fundamentalmente se refire ás prestacións económicas (estas son analizadas máis polo miúdo no punto 4.3.- Prestacións económicas). Ó longo do ano 2003 as obrigas contraídas polas entidades xestoras e Tesorería General da Seguridade Social en Galicia ascenderon a 4.981,2 millóns de euros, en tanto que os dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General ascenderon a 3.590,9 millóns de euros.

A segunda parte estudia a cobertura social da Comunidade Autónoma e engloba, basicamente, á cobertura social e sanitaria da Xunta (ver punto 4.4.- Prestacións sanitarias e sociais). A cantidade presupostada para as tres consellerías con competencias nestas materias (Sanidade, Asuntos Sociais e Familia e Promoción do

Emprego, Muller e Xuventude) foi de 2.706,9 millóns de euros, 140,9 miles de euros máis que en 2002. O seu peso relativo no total dos presupostos da Xunta sitúase no ano 2003 en torno ó 36,8% do gasto total.

## Financiamento e cobertura social do Estado

A afiliación á Seguridade Social no ano 2003, **cadro 2.2.1.** *(Traballadores en alta laboral 2002-03: distribución segundo réximes)*, experimentou un crecemento do 2,5% respecto ó ano anterior (23.264 afiliacións máis), para acada-las 947.123 persoas afiliadas. Atendendo á súa distribución por réximes, a meirande parte destas afiliacións corresponden ó grupo do réxime xeral, que acolle ó 70,5% do total de afiliacións (667.724 traballadores), seguido do réxime especial de autónomos cun 18,0% das mesmas (170.403 persoas).

Antes da análise máis polo miúdo dos dereitos recoñecidos e das obrigas contraídas pola Tesorería General, o **cadro C.4.9.** *(Obrigas contraídas e dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General da Seguridad Social en Galicia 2003: distribución segundo réximes)* reflicte a existencia dun diferencial teórico positivo no caso do réxime xeral e do réxime especial de traballadores autónomos (261.475 e 72.569 miles de euros, respectivamente), sendo negativo no resto dos réximes. Este saldo negativo acada os 1.160.581 miles de euros no caso do réxime especial agrario, ascendendo a 320.668 miles de euros no réxime especial de traballadores do mar, e os 114.745 no caso dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Os dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General da Seguridade Social ó longo do 2003 en Galicia, **cadro C.4.4.** *(Dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General de la Seguridad Social 2003)*, acadaron os 3.590,9 millóns de euros, dos que 3.547,3 millóns de euros corresponderon ás cotizacións sociais. A provincia de A Coruña é a que rexistra uns maiores dereitos recoñecidos netos, con 1.545,3 millóns de euros, o que supón o 43,0% do total galego, seguida de Pontevedra, con 1.287,4 millóns de euros, o 35,9% do total. En Lugo e Ourense ascenden a 389,7 e 368,6 millóns de euros, respectivamente, o que significa o 10,9% e o 10,3% do total da comunidade.

Desagregando as cotizacións sociais segundo réxime de aplicación en Galicia, o devandito **cadro C.4.4.** reflicte que as máis importantes son as do réxime xeral, con 2.586,0 millóns de euros (o 72,9% do total das cotizacións sociais), seguíndolle en importancia as do réxime especial de traballadores autónomos, con 457,7 millóns de euros (12,9%) e as cotizacións de desempregados, con 292,5 millóns de euros (8,2%).

O **cadro C.4.8.** *(Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social 2003)* reflicte as **obrigas contraídas** totais das entidades xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social. En Galicia, o importe total das mesmas ascendeu a 4.981,2 millóns de euros, dos que 4.889,4 millóns de euros (o 98,2%) corresponden ás transferencias correntes. Por provincias, A Coruña é a que ten unhas maiores obrigas, con 1.909,0 millóns de euros, o 38,3% do total galego, seguido de Pontevedra con 1.590,9 millóns de euros (31,9%) e Lugo e Ourense con 783,7 (o 17,7%) e 697,6 millóns de euros (14,0%), respectivamente.

Centrándonos nas transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro, o **cadro 4.2.1.** reflicte que as máis importantes son as do réxime xeral e o agrario, con 2.324,5 e 1.249,5 millóns de euros, respectivamente, aínda que o réxi-

4.2.1.

**_Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social en Galicia 2002: transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro_**

(en miles de €)

| | Xeral | Traballadores autónomos | Agrario | do Mar | Minería do Carbón | Empregados do Fogar | Acc. Traballo e Enf. Profesional | Non Contributiva | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Pensións** | 2.178.422 | 356.394 | 1.234.333 | 381.391 | 18.590 | 79.877 | 131.683 | 199.594 | 4.580.283,748 |
| Invalidez permanente | 262.322 | 40.448 | 53.933 | 34.872 | 1.606 | 6.200 | 53.091 | 84.587 | 537.059,132 |
| Xubilación | 1.461.487 | 245.727 | 977.887 | 263.497 | 13.494 | 71.127 | 27.389 | 115.007 | 3.175.615,115 |
| Viuvez | 416.155 | 64.674 | 175.212 | 75.679 | 3.254 | 2.026 | 43.556 | - | 780.554,941 |
| Orfandade | 31.341 | 4.805 | 17.428 | 5.959 | 205 | 352 | 6.187 | - | 66.277,028 |
| Favor de familiares | 7.118 | 739 | 9.873 | 1.383 | 31 | 173 | 1.461 | - | 20.777,532 |
| **Subsidios** | 146.107 | 28.715 | 15.204 | 15.146 | 52 | 4.131 | 5.841 | - | 284.003,435 |
| Incapacidade temporal | 104.452 | 24.786 | 14.640 | 14.711 | 51 | 3.736 | 4.282 | - | 166.658,183 |
| por enfermidade ou accidente | 101.144 | 24.786 | 14.640 | 14.711 | 51 | 3.736 | 4.282 | - | 163.350,326 |
| Compensación por colab. de empresas | 3.308 | - | - | - | - | - | - | - | 3.307,857 |
| Recargos por falta de medidas de seguridade e hixiene | - | - | - | - | - | - | - | - | 904,059 |
| Maternidade | 40.400 | 3.877 | 355 | 347 | - | 388 | - | - | 45.366,820 |
| Subsidio temporal por maternidade | 40.219 | 3.870 | 355 | 347 | - | 388 | - | - | 45.179,176 |
| Subsidio temporal por risco no embarazo | 181 | 7 | - | - | - | - | - | - | 187,644 |
| Prestacións familiares | | | | | | | | - | 65.738,403 |
| Fillo a cargo | - | - | - | - | - | - | - | - | 15.255,805 |
| Id. con discapacidade | - | - | - | - | - | - | - | - | 49.795,051 |
| Nacemento de fillo | - | - | - | - | - | - | - | - | 160,017 |
| Parto múltiple | - | - | - | - | - | - | - | - | 527,530 |
| Outras prestacións | 1.255 | 53 | 209 | 88 | 1 | 7 | 1.559 | - | 5.335,970 |
| Prestacións procedentes extinguida MUNPAL | - | - | - | - | - | - | - | - | 28,450 |
| Auxilio por defunción | 151 | 41 | 181 | 28 | 1 | 6 | 2 | - | 410 |
| Indemnización a tanto alzado | 623 | - | 24 | 60 | - | - | 694 | - | 1.401,437 |
| Por baremo | - | - | - | - | - | - | 116 | - | 101,444 |
| Entregas por desprazamento | - | - | - | - | - | - | - | - | 6,265 |
| Prestacións complementarias a cargo do Fondo | - | - | - | - | - | - | - | - | 2.144,520 |
| Outras | 481 | 12 | 4 | - | - | 1 | 746 | - | 1.244,309 |
| **Prestacións sociais** | - | - | - | - | - | - | - | - | 25.089,882 |
| **Farmacia** | | | | | | | | | 0,081 |
| **Total** | 2.324.530 | 385.109 | 1.249.537 | 396.537 | 18.642 | 84.008 | 137.524 | 199.594 | 4.889.377,065 |

Fonte: *Tesorería General de la Seguridad Social*

me especial agrario ten na provincia de Lugo unhas obrigas recoñecidas superiores ás do réxime xeral.

O devandito **cadro 4.2.1.** reflicte que as pensións por xubilación son as que presentan un maior volume de obrigas recoñecidas, con 3.175,6 millóns de euros, seguidas das pensións de viuvez con 780,6 millóns de euros. No caso dos subsidios, os de incapacidade temporal son os máis importantes con 166,7 millóns de euros.

Atendendo á desagregación provincial, o **cadro 4.2.2.** recolle os datos da provincia de A Coruña, onde as transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro acadan os 1.873,4 millóns de euros. Ó igual que no conxunto de Galicia, o réxime xeral é o que máis obrigas recoñecidas ten, con 981,1 millóns de euros (52,4% do total do gasto de A Coruña), seguido do réxime especial agrario con 376,8 millóns de euros (o 20,1%).

Segundo os datos referidos ós diferentes tipos de pensións e subsidios, as pensións de xubilación son as que xeran unhas maiores obrigas recoñecidas -ascenden a 1.184,1 millóns de euros-, seguidas das de viuvez (con 313,4 millóns de euros). No caso dos subsidios, as obrigas recoñecidas por incapacidade temporal ascenden a 59,6 millóns de euros.

En Lugo, **cadro 4.2.3.**, as transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro ascenden a 771,1 millóns de euros, das que o o 46,4% (357,5 millóns de euros) corresponden ó réxime especial agrario. As pensións de xubilación ascenden a 545,7 millóns de euros (o 52,5% corresponde ó réxime especial agrario), o que representa o 73,9% do total das pensións de Lugo.

En relación ós subsidios, os máis importantes son os de incapacidade temporal, que ascenden a 18,5 millóns de euros, o 56,9% do total dos subsidios na provincia de Lugo.

Na provincia de Ourense, as transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro no ano 2003 acadaron os 688,0 millóns de euros, das que un 44,6% corresponden ás obrigas recoñecidas do réxime xeral (307,0 millóns de euros) e un 36,7% ás do réxime especial agrario (252,5 millóns). As obrigas recoñecidas polas pensións de xubilación, con 473,3 millóns de euros, **cadro 4.2.4.**, son as máis importantes, seguidas polas de viuvez, con 100,1 millóns de euros, mentres que no caso dos subsidios, as máis importantes son as de incapacidade temporal, con 17,4 millóns de euros.

Finalmente, o **cadro 4.2.5.** amosa os datos correspondentes á provincia de Pontevedra, onde as transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro acadaron os 1.556,9 millóns de euros. As obrigas recoñecidas do réxime xeral ascenderon a 769,6 millóns de euros (49,4% do total do gasto da provincia) e as do réxime especial agrario 262,8 millóns de euros (o 16,9%).

Segundo os datos referidos ós diferentes tipos de pensións e subsidios, as pensións de xubilación son as que xeran unhas maiores obrigas recoñecidas, ascendendo estas ós 972,5 millóns de euros, seguidas das de viuvez con 254,4 millóns de euros. No caso dos subsidios, as obrigas recoñecidas por incapacidade temporal ascenden a 71,1 millóns de euros.

## A cobertura social da comunidade autónoma

Os presupostos da Xunta dedican no ano 2003 o 36,8% do seu presuposto ós capítulos da Sanidade e Servicios Sociais e a Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude. A cantidade dedicada foi de 2.847,8 millóns de euros, 140,9

4.2.2.

### *Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social en A Coruña 2003: transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro*

| | Xeral | Traballadores autónomos | Agrario | do Mar | Minería do Carbón | Empregados do Fogar | Acc. Traballo e Enf. Profesional | Non Contributiva | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | *(en miles de €)* | | | | |
| **Pensións** | 923.307 | 143.738 | 371.335 | 135.698 | 6.735 | 30.363 | 50.610 | 84.012 | 1.745.798 |
| **Invalidez permanente** | 111.751 | 16.666 | 15.122 | 12.449 | 360 | 2.204 | 20.405 | 34.212 | 213.168 |
| **Xubilación** | 612.042 | 98.874 | 288.560 | 92.972 | 5.220 | 27.191 | 9.436 | 49.800 | 1.184.096 |
| **Viuvez** | 182.315 | 25.835 | 58.125 | 27.528 | 1.070 | 737 | 17.838 | - | 313.448 |
| **Orfandade** | 14.018 | 2.025 | 6.666 | 2.164 | 76 | 147 | 2.331 | - | 27.427 |
| **Favor de familiares** | 3.182 | 338 | 2.862 | 584 | 9 | 83 | 599 | - | 7.658 |
| **Subsidios** | 57.822 | 11.000 | 5.480 | 2.435 | 51 | 1.365 | 2.487 | - | 108.117 |
| **Incapacidade temporal** | 39.713 | 9.252 | 5.271 | 2.364 | 50 | 1.177 | 1.777 | - | 59.604 |
| **por enfermidade ou accidente** | 38.705 | 9.252 | 5.271 | 2.364 | 50 | 1.177 | 1.777 | - | 58.597 |
| **Compensación por colab. de empresas** | 1.007 | - | - | - | - | - | - | - | 1.007 |
| **Recargos por falta de medidas de seguridade e hixiene** | - | - | - | - | - | - | - | - | 293 |
| **Maternidade** | 17.550 | 1.722 | 152 | 60 | - | 185 | - | - | 19.669 |
| **Subsidio temporal por maternidade** | 17.474 | 1.719 | 152 | 60 | - | 185 | - | - | 19.591 |
| **Subsidio temporal por risco no embarazo** | 76 | 2 | - | - | - | - | - | - | 78 |
| **Prestacións familiares** | - | - | - | - | - | - | - | - | 26.295 |
| **Fillo a cargo** | - | - | - | - | - | - | - | - | 5.385 |
| **Id. con discapacidade** | - | - | - | - | - | - | - | - | 20.668 |
| **Nacemento de fillo** | - | - | - | - | - | - | - | - | 53 |
| **Parto múltiple** | - | - | - | - | - | - | - | - | 189 |
| **Outras prestacións** | 559 | 26 | 57 | 11 | 0 | 3 | 710 | - | 2.256 |
| **Prestacións procedentes extinguida MUNPAL** | - | - | - | - | - | - | - | - | - |
| **Auxilio por defunción** | 61 | 16 | 53 | 11 | 0 | 2 | 1 | - | 144 |
| **Indemnización a tanto alzado** | 109 | - | - | - | - | - | 279 | - | 388 |
| **Por baremo** | - | - | - | - | - | - | 70 | - | 55 |
| **Entregas por desprazamento** | - | - | - | - | - | - | - | - | 1 |
| **Prestacións complementarias a cargo do Fondo** | - | - | - | - | - | - | - | - | 904 |
| **Outras** | 388 | 10 | 4 | - | - | 1 | 360 | - | 764 |
| **Prestacións sociais** | - | - | - | - | - | - | - | - | 19.472 |
| **Total** | 981.129 | 154.738 | 376.815 | 138.132 | 6.786 | 31.727 | 53.097 | 84.012 | 1.873.387 |

Fonte: *Tesorería General de la Seguridad Social*

4.2.3.

**Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social en Lugo 2003: transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro**

(en miles de €)

| | Xeral | Traballadores autónomos | Agrario | do Mar | Minería do Carbón | Empregados do Fogar | Acc. Traballo e Enf. Profesional | Non Contributiva | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Pensións** | 253.112 | 55.468 | 353.640 | 18.598 | 5.512 | 11.826 | 17.168 | 22.603 | 737.928 |
| Invalidez permanente | 27.696 | 5.381 | 16.625 | 1.790 | 436 | 710 | 7.240 | 9.352 | 69.230 |
| Xubilación | 175.435 | 38.809 | 286.242 | 13.160 | 4.088 | 10.702 | 3.979 | 13.252 | 545.666 |
| Viuvez | 46.321 | 10.530 | 45.985 | 3.370 | 963 | 335 | 5.063 | - | 112.567 |
| Orfandade | 2.966 | 659 | 3.454 | 223 | 22 | 54 | 728 | - | 8.106 |
| Favor de familiares | 693 | 89 | 1.334 | 56 | 3 | 26 | 158 | - | 2.359 |
| **Subsidios** | 13.747 | 3.359 | 3.826 | 642 | 0 | 631 | 644 | - | 32.536 |
| Incapacidade temporal | 10.119 | 2.999 | 3.614 | 639 | - | 600 | 549 | - | 18.521 |
| por enfermidade ou accidente | 9.793 | 2.999 | 3.614 | 639 | - | 600 | 549 | - | 18.195 |
| Compensación por colab. de empresas | 326 | - | - | - | - | - | - | - | 326 |
| Recargos por falta de medidas de seguridade e hixiene | - | - | - | - | - | - | - | - | 166 |
| Maternidade | 3.454 | 352 | 130 | 2 | - | 30 | - | - | 3.968 |
| Subsidio temporal por maternidade | 3.447 | 352 | 130 | 2 | - | 30 | - | - | 3.961 |
| Subsidio temporal por risco no embarazo | 7 | - | - | - | - | - | - | - | 7 |
| Prestacións familiares | - | - | - | - | - | - | - | - | 9.170 |
| Fillo a cargo | - | - | - | - | - | - | - | - | 2.138 |
| Id. con discapacidade | - | - | - | - | - | - | - | - | 6.958 |
| Nacemento de fillo | - | - | - | - | - | - | - | - | 28 |
| Parto múltiple | - | - | - | - | - | - | - | - | 45 |
| Outras prestacións | 173 | 8 | 81 | 1 | 0 | 1 | 95 | - | 711 |
| Prestacións procedentes extinguida MUNPAL | - | - | - | - | - | - | - | - | 28 |
| Auxilio por defunción | 21 | 8 | 57 | 1 | 0 | 1 | 1 | - | 89 |
| Indemnización a tanto alzado | 129 | - | 24 | - | - | - | 74 | - | 228 |
| Por baremo | - | - | - | - | - | - | 19 | - | 10 |
| Entregas por desprazamento | - | - | - | - | - | - | - | - | 0 |
| Prestacións complementarias a cargo do Fondo | - | - | - | - | - | - | - | - | 332 |
| Outras | 23 | - | - | - | - | - | 1 | - | 24 |
| **Prestacións sociais** | - | - | - | - | - | - | - | - | 586 |
| **Farmacia** | - | - | - | - | - | - | - | - | 0 |
| **Total** | 266.859 | 58.827 | 357.466 | 19.241 | 5.513 | 12.458 | 17.812 | 22.603 | 771.050 |

Fonte: *Tesorería General de la Seguridad Social*

4.2.4.

### *Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social en Ourense 2003: transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro*

*(en miles de €)*

| | Xeral | Traballadores autónomos | Agrario | do Mar | Minería do Carbón | Empregados do Fogar | Acc. Traballo e Enf. Profesional | Non Contributiva | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Pensións** | 291.007 | 56.901 | 251.058 | - | 3.287 | 11.323 | 16.622 | 27.548 | 657.747 |
| Invalidez permanente | 33.747 | 8.125 | 10.251 | - | 579 | 1.202 | 6.725 | 11.998 | 72.627 |
| Xubilación | 204.194 | 38.430 | 199.040 | - | 2.123 | 9.773 | 4.194 | 15.550 | 473.304 |
| Viuvez | 49.288 | 9.581 | 35.530 | - | 522 | 299 | 4.893 | - | 100.113 |
| Orfandade | 3.022 | 646 | 3.288 | - | 55 | 22 | 591 | - | 7.625 |
| Favor de familiares | 755 | 120 | 2.949 | - | 8 | 27 | 218 | - | 4.078 |
| **Subsidios** | 15.964 | 3.360 | 1.434 | - | 1 | 489 | 618 | - | 29.650 |
| Incapacidade temporal | 12.131 | 3.009 | 1.381 | - | 1 | 462 | 418 | - | 17.403 |
| por enfermidade ou accidente | 11.581 | 3.009 | 1.381 | - | 1 | 462 | 418 | - | 16.853 |
| Compensación por colab. de empresas | 550 | - | - | - | - | - | - | - | 550 |
| Recargos por falta de medidas de seguridade e hixiene | - | - | - | - | - | - | - | - | 105 |
| Maternidade | 3.708 | 344 | 13 | - | - | 26 | - | - | 4.091 |
| Subsidio temporal por maternidade | 3.666 | 340 | 13 | | - | 26 | - | - | 4.045 |
| Subsidio temporal por risco no embarazo | 42 | 4 | - | - | - | - | - | - | 46 |
| Prestacións familiares | - | - | - | - | - | - | - | - | 7.355 |
| Fillo a cargo | - | - | - | - | - | - | - | - | 1.884 |
| Id. con discapacidade | - | - | - | - | - | - | - | - | 5.389 |
| Nacemento de fillo | - | - | - | - | - | - | - | - | 20 |
| Parto múltiple | - | - | - | - | - | - | - | - | 63 |
| Outras prestacións | 125 | 7 | 39 | - | 0 | 1 | 200 | - | 696 |
| Prestacións procedentes extinguida MUNPAL | - | - | - | - | - | - | - | - | - |
| Auxilio por defunción | 22 | 7 | 39 | - | 0 | 1 | 0 | - | 69 |
| Indemnización a tanto alzado | 97 | - | - | - | - | - | 198 | - | 296 |
| Por baremo | - | - | - | - | - | - | 1 | - | 3 |
| Entregas por desprazamento | - | - | - | - | - | - | - | - | 0,2 |
| Prestacións complementarias a cargo do Fondo | - | - | - | - | - | - | - | - | 322 |
| Outras | 6 | - | - | - | - | - | - | - | 6 |
| **Prestacións sociais** | - | - | - | - | - | - | - | - | 636 |
| **Total** | 306.971 | 60.262 | 252.492 | - | 3.288 | 11.812 | 17.240 | 27.548 | 688.033 |

Fonte: *Tesorería General de la Seguridad Social*

4.2.5.

### *Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social en Pontevedra 2003: transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro*

*(en miles de €)*

| | Xeral | Traballadores autónomos | Agrario | do Mar | Minería do Carbón | Empregados do Fogar | Acc. Traballo e Enf. Profesional | Non Contributiva | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Pensións** | 710.996 | 100.287 | 258.299 | 227.095 | 3.055 | 26.365 | 47.284 | 65.430 | 1.438.811 |
| Invalidez permanente | 89.127 | 10.276 | 11.935 | 20.634 | 231 | 2.084 | 18.721 | 29.025 | 182.034 |
| Xubilación | 469.815 | 69.615 | 204.044 | 157.365 | 2.064 | 23.461 | 9.779 | 36.405 | 972.548 |
| Viuvez | 138.231 | 18.728 | 35.572 | 44.781 | 699 | 655 | 15.761 | - | 254.427 |
| Orfandade | 11.335 | 1.476 | 4.019 | 3.572 | 51 | 129 | 2.536 | - | 23.120 |
| Favor de familiares | 2.487 | 193 | 2.728 | 743 | 10 | 36 | 486 | - | 6.683 |
| **Subsidios** | 58.575 | 10.996 | 4.465 | 12.069 | 0 | 1.646 | 2.092 | - | 113.700 |
| Incapacidade temporal | 42.489 | 9.525 | 4.374 | 11.708 | - | 1.496 | 1.538 | - | 71.131 |
| por enfermidade ou accidente | 41.064 | 9.525 | 4.374 | 11.708 | - | 1.496 | 1.538 | - | 69.706 |
| Compensación por colab. de empresas | 1.425 | - | - | - | - | - | - | - | 1.425 |
| Recargos por falta de medidas de seguridade e hixiene | - | - | - | - | - | - | - | - | 340 |
| Maternidade | 15.688 | 1.459 | 59 | 285 | - | 148 | - | - | 17.639 |
| Subsidio temporal por maternidade | 15.632 | 1.459 | 59 | 285 | - | 148 | - | - | 17.583 |
| Subsidio temporal por risco no embarazo | 56 | - | - | - | - | - | - | - | 56 |
| Prestacións familiares | - | - | - | - | - | - | - | - | 22.918 |
| Fillo a cargo | - | - | - | - | - | - | - | - | 5.848 |
| Id. con discapacidade | - | - | - | - | - | - | - | - | 16.780 |
| Nacemento de fillo | - | - | - | - | - | - | - | - | 59 |
| Parto múltiple | - | - | - | - | - | - | - | - | 230 |
| Outras prestacións | 398 | 12 | 32 | 76 | 0 | 2 | 554 | - | 1.672 |
| Prestacións procedentes extinguida MUNPAL | - | - | - | - | - | - | - | - | - |
| Auxilio por defunción | 48 | 11 | 32 | 16 | 0 | 2 | 1 | - | 108 |
| Indemnización a tanto alzado | 287 | - | - | 60 | - | - | 143 | - | 490 |
| Por baremo | - | - | - | - | - | - | 25 | - | 33 |
| Entregas por desprazamento | - | - | - | - | - | - | - | - | 5 |
| Prestacións complementarias a cargo do Fondo | - | - | - | - | - | - | - | - | 587 |
| Outras | 63 | 1 | - | - | - | - | 385 | - | 450 |
| **Prestacións sociais** | - | - | - | - | - | - | - | - | 4.396 |
| **Total** | 769.571 | 111.283 | 262.764 | 239.164 | 3.056 | 28.011 | 49.375 | 65.430 | 1.556.907 |

Fonte: *Tesorería General de la Seguridad Social*

**4.2.6.**

***Presuposto consolidado das Consellerías de Sanidade, Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, e Asuntos Sociais 2002-03: distribución económica***

| | Consellería de Sanidade | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | 2002 | | 2003 | | 03/02 |
| | *(en miles de €)* | *(% / total)* | *(en miles de €)* | *(% / total)* | *(%)* |
| **Total operacións correntes** | 2.166.757,0 | 95,7 | 2.256.205,3 | 94,7 | 4,1 |
| **Cap. I Persoal** | 963.137,7 | 42,5 | 1.001.175,9 | 42,0 | 3,9 |
| **Cap. II Gastos bens corr. e serv.** | 519.405,3 | 22,9 | 546.287,6 | 22,9 | 5,2 |
| **Cap. IV Transferencias correntes** | 684.214,0 | 30,2 | 708.741,8 | 29,8 | 3,6 |
| **Total operacións de capital** | 96.934,4 | 4,3 | 125.399,9 | 5,3 | 29,4 |
| **Cap. VI Investimentos reais** | 94.386,1 | 4,2 | 123.476,5 | 5,2 | 30,8 |
| **Cap. VII Transferencias de capital** | 1.923,2 | 0,1 | 1.298,3 | 0,1 | - 32,5 |
| **Cap. VIII Activos financeiros** | 625,1 | 0,0 | 625,1 | 0,0 | - |
| **Transferencias internas** | - | - | - | - | - |
| **Total consolidado** | 2.263.691,4 | 100 | 2.381.605,0 | 100 | 5,2 |

| | Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | 2002 | | 2003 | | 03/02 |
| | *(en miles de €)* | *(% / total)* | *(en miles de €)* | *(% / total)* | *(%)* |
| **Total operacións correntes** | 270.694,2 | 94,5 | 277.623,0 | 94,3 | 2,6 |
| **Cap. I Persoal** | 51.978,2 | 18,1 | 54.306,6 | 18,5 | 4,5 |
| **Cap. II Gastos bens corr. e serv.** | 32.674,4 | 11,4 | 35.348,9 | 12,0 | 8,2 |
| **Cap. IV Transferencias correntes** | 186.041,6 | 64,9 | 187.967,5 | 63,9 | 1,0 |
| **Total operacións de capital** | 15.898,7 | 5,5 | 16.693,6 | 5,7 | 5,0 |
| **Cap. VI Investimentos reais** | 9.407,8 | 3,3 | 9.932,2 | 3,4 | 5,6 |
| **Cap. VII Transferencias de capital** | 6.490,9 | 2,3 | 6.761,4 | 2,3 | 4,2 |
| **Cap. VIII Activos financeiros** | - | - | - | - | |
| **Transferencias internas** | - | - | - | - | - |
| **Total consolidado** | 286.592,9 | 100 | 294.316,6 | 100 | 2,7 |

| | Consellería de Asuntos Sociais | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | 2002 | | 2003 | | 03/02 |
| | *(en miles de €)* | *(% / total)* | *(en miles de €)* | *(% / total)* | *(%)* |
| **Total operacións correntes** | 145.820,5 | 93,1 | 159.412,6 | 92,7 | 9,3 |
| **Cap. I Persoal** | 53.897,1 | 34,4 | 56.900,3 | 33,1 | 5,6 |
| **Cap. II Gastos bens corr. e serv.** | 40.681,2 | 26,0 | 46.555,0 | 27,1 | 14,4 |
| **Cap. IV Transferencias correntes** | 51.242,2 | 32,7 | 55.957,3 | 32,6 | 9,2 |
| **Total operacións de capital** | 10.780,5 | 6,9 | 12.463,4 | 7,3 | 15,6 |
| **Cap. VI Investimentos reais** | 6.122,4 | 3,9 | 7.401,6 | 4,3 | 20,9 |
| **Cap. VII Transferencias de capital** | 4.658,1 | 3,0 | 5.061,8 | 2,9 | 8,7 |
| **Cap. VIII Activos financeiros** | | - | - | - | |
| **Transferencias internas** | | - | - | - | - |
| **Total consolidado** | 156.600,9 | 100 | 171.875,9 | 100 | 9,8 |

Fonte: *Xunta, Presupostos xerais da C.A.*

millóns de euros máis que no ano anterior, dos que 2.381,6 millóns de euros corresponden á Consellería de Sanidade e o Sergas, e os 294,3 millóns restantes á Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude e 171,9 millóns de euros, á Consellería de Asuntos Sociais.

O **cadro 4.2.6.** reflicte a importancia relativa das operacións correntes no presuposto total das dúas consellerías mencionadas. No ano 2003, as operacións correntes representan o 94,7% do total presupostado na consellería de Sanidade e Servicios Sociais (o 95,7% no ano 2002) e o 94,3% no caso da consellería de Familia e

**4.2.7.**

***Presuposto consolidado da Consellería de Sanidade 2002-03: distribución dos créditos por programas***

| | 2002 | 2003 | 03/02 |
|---|---|---|---|
| | *(en miles de €)* | | *(%)* |
| **211 B Dirección e Sec. Xerais de SS.** | - | | - |
| **212 A Pensións e prestacións asistenc.** | - | - | - |
| **212 B Centros para servizos sociais** | - | - | - |
| **212 D Pensións e prestacións en servizos sociais** | - | - | - |
| **311 A Dirección e Servizos Xerais de Sanidade** | 51.371,2 | 55.823,8 | 8,7 |
| **312 A Atención especializada** | 1.273.900,2 | 1.351.654,4 | 6,1 |
| **313 A Protección e promoción da saúde** | 50.997,7 | 54.408,5 | 6,7 |
| **313 B Atención primaria de saúde** | 863.769,8 | 894.488,2 | 3,6 |
| **314 C Formación de graduados e posgraduados** | 23.585,2 | 25.052,4 | 6,2 |
| **441 A Elaboración e Difusión Estatística** | 67,2 | 177,8 | 164,6 |
| **Total** | 2.263.691,3 | 2.381.605,1 | 5,2 |

Fonte: *Xunta, Presupostos xerais da C.A.*

**4.2.8.**

***Presuposto consolidado da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude 2002-03: distribución dos créditos por programas***

| | 2002 | 2003 | 03/02 |
|---|---|---|---|
| | *(en miles de €)* | | *(%)* |
| **211 A Dirección e Sec. Xerais de Protección Social** | 19.322,3 | 20.893,1 | 8,1 |
| **211 B Dirección e Sec. Xerais de Prestacións Sociais** | 16.418,0 | 16.746,3 | 2,0 |
| **212 A Pensións e prestacións asistenc.** | 25.728,9 | 24.093,7 | -6,4 |
| **212 B Centros para servizos sociais** | 17.574,7 | 19.672,7 | 11,9 |
| **212 D Pensións e prestacións en servizos sociais** | 5.534,7 | 5.570,8 | 0,7 |
| **241 A Fomento de emprego** | 152.277,4 | 155.093,9 | 1,8 |
| **241 B Fomento de emprego. FSE** | 35.301,1 | 35.997,8 | 2,0 |
| **355 B Fomento de actividade xuvenil** | 14.199,3 | 15.843,6 | 11,6 |
| **441 A Elaboración e Difusión Estatística** | 236,5 | 404,8 | 71,2 |
| **Total** | 286.592,9 | 294.316,7 | 2,7 |

Fonte: *Xunta, Presupostos xerais da C.A.*

**4.2.9.**

***Presuposto consolidado da Consellería de Asuntos Sociais 2002-03***

| | 2002 | 2003 | 03/02 |
|---|---|---|---|
| | *(en miles de €)* | | *(%)* |
| **Dirección e servizos xerais de prestacións sociais** | 56.771,4 | 60.863,7 | 7,2 |
| **Pensións e prestacións asistenciais** | 38.119,8 | 39.449,8 | 3,5 |
| **Centros para servicios sociais** | 44.804,2 | 50.800,8 | 13,4 |
| **Pensións e prestacións en servizos sociais** | 16.905,6 | 20.719,5 | 22,6 |
| **Elaboración e difusión estatística** | - | 42,1 | - |
| **Total** | 156.601,0 | 171.875,9 | 9,8 |

Fonte: *Xunta, Presupostos xerais da C.A.*

Promoción de emprego, Muller e Xuventude (o 94,5% no ano anterior), e o 92,7% (93,1% en 2002) na Consellería de Asuntos Sociais, en tanto que as operacións de capital representan o 5,3%, o 5,7% e o 7,3%, respectivamente.

Comparado co ano anterior, o importe total dedicado nas operacións correntes na Consellería de Sanidade aumenta en 89,4 millóns de euros, 4,1%, ata acada-los 2.256,2 millóns de euros, sendo esta medra de 13,6 millóns de euros (9,3%) no caso da Consellería de Asuntos Sociais, e de 6,9 millóns de euros (4,1%) na de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude.

Atendendo á distribución dos créditos por programas, o **cadro 4.2.7.** amosa

que os dous programas máis importantes na Consellería de Sanidade e Servicios Sociais son os de atención especializada e atención primaria de saúde, que no ano 2003 acollen 2.246,1 millóns de euros (un 5,1% máis que en 2002), o que representa o 94,3% do total presupostado.

No caso da Consellería de Familia, **cadro 4.2.8.**, hai que salienta-la importancia das partidas dedicadas ós programas de fomento de emprego. No ano 2003 dedícanse un total de 191,1 millóns de euros (o 64,9% do presupostado), un 1,9% máis que no ano 2002.

Finalmente, no orzamento da Consellería de Asuntos Sociais 60,9 millóns de euros corresponden á Dirección de Servicios xerais de prestacións sociais (7,2% máis en no ano anterior), sendo de 50,8 millóns de euros (13,4% máis) no programa de Centros para servicios sociais. Tal e como reflicte o **cadro 4.2.9.**, cómpre salienta-lo incremento do 22,6% rexistrado no caso do programa de pensións e prestacións en servicios sociais. ■